IX XORNADA DE USUARIOS DE R EN GALICIA

20 de outubro de 2022

LIBRO DE RESUMOS

> ORGANIZA

Melisa

> PATROCINAN

amtega
Axencia para a Modernización Tecnolóxica

XUNTA DE GALICIA

IX XORNADA DE USUARIOS DE R EN GALICIA

PROGRAMA E RESUMOS

20 de outubro de 2022

Organiza: Asociación de usuarios de software libre da Terra de Melide

IX XORNADA DE USUARIOS DE R EN GALICIA

Editora: María José Ginzo Villamayor

ISBN: 978-84-09-44852-4

Presentación

A Asociación de usuarios de software libre da Terra de Melide (MeLiSA) comprácese en presentar a IX Xornada de Usuarios de R en Galicia.

Pretende ser un punto de encontro para todas aquelas persoas interesadas en intercambiar as súas experiencias e atopar colaboracións co resto da comunidade, ademais trátase de promocionar e difundir o coñecemento libre da linguaxe estatística R e mostrar as súas aplicacións.

O programa contempla vinte e un relatorios ao longo de todo o día. Dos cales sete son convidados e ás outras catorce atenderon á chamada de recepción de propostas.

Entre os participantes figuran especialistas do Instituto Español de Oceanografía (IEO), da Xunta de Galicia: diferentes entidades como a Consellaría de Sanidade ou o Instituto Galego de Estatística, das tres universidades galegas, de universidades estranxeiras: Escuela Politécnica Nacional (Ecuador), Universidade Federal Fluminense (Brasil) e da Academia da Força Aérea (Brasil), do Instituto de investigación sanitaria de Santiago de Compostela e un profesor de Ensino Medio do IES Pedra da Auga (Ponteareas).

Todo isto non sería posible sen o patrocinio de AMTEGA á que agradecemos a súa contribución.

Santiago de Compostela, outubro de

2022 O Comité Organizador

Comité organizador

María José Ginzo Villamayor
Universidade de Santiago de Compostela

Rafael Rodríguez Gayoso
Asociación de usuarios de software libre da Terra de Melide

Miguel Ángel Rodríguez Muíños
Dirección Xeral de Saúde Pública (Consellería de Sanidade)

Comité científico

María José Ginzo Villamayor
Universidade de Santiago de Compostela

Miguel Ángel Rodríguez Muíños
Dirección Xeral de Saúde Pública (Consellería de Sanidade)

Información xeral

IX XORNADA DE USUARIOS DE R EN GALICIA

Data

20 de outubro de 2022

Lugar de celebración

Aula Magna. Facultade de Matemáticas (USC)

Web das xornadas

https://www.r-users.gal/

Certificados

Todos os certificados remitiranse ás persoas solicitantes en formato dixital por correo electrónico unha vez rematada a IX Xornada.

Programa

IX XORNADA DE USUARIOS DE R EN GALICIA

20 de outubro de 2022

09:00 – 09:15	Sesión de apertura Mª Elena Vázquez Cendón (*Decana da Facultade de Matemáticas*), Salvador Naya Ferández (*Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia – Universidade da Coruña*), Rafael Rodríguez Gayoso (Melisa), Miguel Ángel Rodríguez Muíños (*Saúde Pública – Consellería de Sanidade*)
09:15 – 09:35	El paquete biosensors.usc Marcos Matabuena Rodríguez. *Universidade de Santiago de Compostela*
09:35 – 09:55	TUGlabR, un paquete de R para juegos coalicionales Iago Núñez Lugilde. *Universidade de Vigo*
09:55 – 10:15	Aplicacións dos gráficos de control para estimar a carga viral da COVID-19 nas augas residuais Salvador Naya Fernández. *Universidade da Coruña*
10:15 – 10:35	Comparativa entre medidas culturales en el contexto de la toma de decisiones turísticas Yago Atrio Lema. *Universidad de Santiago de Compostela*
10:35 – 10:55	knobi: an R package implementing Known-Biomass Production Models Anxo Paz Cuña. *Instituto Español de Oceanografía – CSIC*
10:55 – 11:15	LearningStats: Un paquete en R para a docencia Sabela Varela Rey. *Universidade de Santiago de Compostela*
11:15 – 12:00	**PAUSA**
12:00 – 12:20	Geoportal: Indice Multidimensional de Pobreza Miguel Flores. *Escuela Politécnica Nacional (Ecuador)*
12:20 – 12:40	Do one thing every day that scares you Ariel Levy. *Universidade Federal Fluminense (Brasil)*
12:40 – 13:00	Colaborar y pedir ayuda en StackOverflow Marcos Fernández Arias. *Xunta de Galicia*
13:00 – 13:20	Aplicación de consulta de datos no marco Input-Output de Galicia en R-Shiny Esther Calvo Ocampo. *Instituto Galego de Estatística*
13:20 – 13:40	Prototipado rápido con R: RAD de aplicacións Shiny e AEDA de datos Miguel Ángel Rodríguez Muíños. *Saúde Pública – Consellería de Sanidade*
13:40 – 14:00	A new measure of dependence: distance correlation María Vidal García. *Universidade de Santiago de Compostela*
14:00 – 16:15	**PAUSA**
16:15 – 16:35	Construindo Mandalas com R Luciane Ferreira. *Academia da Força Aérea (Brasil)*
16:35 – 16:55	Utilização do pacote AHP na tomada de decisão Orlando Celso Longo. *Universidade Federal Fluminense (Brasil)*
16:55 – 17:15	New covariates selection method in dynamic regression models with a public implementation in R language Ana Ezquerro. *Universidade da Coruña*
17:15 – 17:35	Matching para o estudo do impacto de políticas públicas José Manuel Amoedo Meijide. *Universidade de Santiago de Compostela*
17:35 – 17:50	**PAUSA**
17:50 – 18:10	Con R de fRikismo. Learning VS Knowing, the match of the century Álvaro Fernández Theotonio. *Universidade de Santiago de Compostela*
18:10 – 18:30	R para o processamento de textos. Uma aplicação para a ordenação do texto em função da complexidade oracional Afonso Xavier Canosa Rodríguez. *IES Pedra da Auga (Ponteareas)*
18:30 – 18:50	REFREG: Un paquete de R para estimar rexións de referencia Óscar Lado Baleato. *Instituto de investigación sanitaria de Santiago de Compostela*
18:50 – 19:10	Desarrollo de una metodología para la evaluación del riesgo de invasión basada en modelos de distribución de especies: el caso de Vespa velutina en Europa Victoria Formoso Freire. *Universidad de Santiago de Compostela*
19:10 – 19:30	clustcurv: Clustering of nonparametric curves Nora M. Villanueva. *Universidad de Vigo*
19:30 – 19:35	Clausura María José Ginzo Villamayor. *Universidade de Santiago de Compostela – Comité Científico*

Índice

IX Xornada de Usuarios de R en Galicia

Santiago de Compostela, 20 de outubro do 2022

Matching para o estudo do impacto de políticas públicas

José Manuel Amoedo[1]

[1] Departamento de Economía Aplicada, Grupo de Investigación ICEDE, Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Universidade de Santiago de Compostela, España.

RESUMO

Neste artigo abordamos o uso do matching para o estudo do impacto das políticas públicas empregando R.

Palabras e frases chave: Matching/ políticas públicas/ innovación/ emparellamento

1. INTRODUCIÓN

O "matching" (tamén coñecido como pareo ou emparellamento) pode ser definido, a grandes riscos, como calquera método que busque igualar (ou equilibrar) a distribución das covariables entre os grupos de control e tratamento. O uso desta técnica permite obter grupos equilibrados (ou balanceados) en estudos non experimentais nos que ambos grupos poden non ser homoxéneos entre si. Desta forma, os individuos de ambos grupos pasan de amosar características non similares antes do matching a amosar características similares reducindo as diferenzas. Polo tanto, a mostra non aleatoria convertese nunha mostra con características propias dunha mostra aleatoria.

O matching é xeralmente empregado para estimar efectos casuais, pero tamén é empregado, en ocasións, para aspectos non causais como, por exemplo, o estudo das desigualdades raciais[1].

Desta forma, este traballo aborda os seguintes contidos. En primeiro lugar, recóllemos as principais distancias e as metodoloxías de matching existentes, de forma moi breve. A continuación, recollemos os principais recursos dispoñibles para o seu uso en R centrándonos na librería MatchIt. En terceiro lugar, recollemos o caso práctico empregando os datos de Colombia. Finalmente, recollemos as principais conclusións obtidas ó longo do proceso.

2. MATCHING PARA EL ANÁLISIS DE POLÍTICAS PÚBLICAS: EL CASO DE LA COMPRA PÚBLICA DE INNOVACIÓN

O matching foi desenvolvido ó longo dos anos e, na actualidade, existen diferentes metodoloxías que empregan diferentes medicións da distancia existente entre cada individuo, así como multitude de ferramentas para o seu uso que comprenden dende extensións de Stata, SPSS ata librerías de R. Neste apartado, incidimos inicialmente sobre as medicións da distancia e as metodoloxías empregadas para, posteriormente, facer o mesmo coas librerías dispoñibles en R, centrándonos na librería MatchIt. Finalmente, nun terceiro punto introducimos o proceso seguido coa librería MatchIt[2] para o caso da Compra Pública de Innovación en Colombia.

2.1 Medición e tipoloxías de Matching.

Os pasos a seguir á hora de aplicar o matching son os seguintes. En primeiro lugar é preciso elixir a distancia e as covariables a empregar para obter o equilibrio de todas as covariables e un bo balance das covariables. En segundo lugar, seleccionar a metodoloxía a empregar para levar a cabo o pareo e analizar se existe balance nas covariables seleccionadas.

No caso da distancia (D_{ij}), esta pode ser definida, para dous individuos calquera, como unha medición da similitude entre ambos individuos i e j. As distancias empregadas na

actualidade son a exacta, a de Mahalanobis, a propensity score e a linear propensity score, definíndose cada unha delas como segue:

I. **Exacta:**

$$D_{ij} = \begin{cases} 0 \; if \; X_i = X_j \\ \infty \; if \; X_i \neq X_{j,} \end{cases}$$

II. **Mahalanobis:**

$$D_{ij} = (X_i - X_j)' \sum^{-1} (X_i - X_j)$$

III. **Propensity score[1]:**

$$D_{ij} = |e_i - e_j|,$$

IV. **Linear propensity score:**

$$D_{ij} = |logit(e_i) - logit(e_j)|,$$

A propensity score raramente é coñecida fora de experimentos aleatorios e por iso debe ser estimada. Calquera modelo que relacione unha variable binaria con unha serie de regresores pode ser empregada. O máis común é empregar a estimación loxística, aínda que tamén se acostuman a empregar metodoloxías non paramétricas. No caso desta estimación os aspectos ós que prestar atención non son os comúns de calquera estimación econométrica, xa que cuestións como a capacidade explicativa do modelo ou a multicolinealidade non son relevantes. O aspecto máis relevante a ter en conta neste contexto é a existencia de equilibrio entre as covariables do grupo de control e o grupo de tratamento.

No que respecta ás tipoloxías de matching cada unha parte dunha forma de pareo distinta que leva a un número de individuos que se manteñen tras o pareo e nos pesos relativos que cada individuo recibe. Concretamente, podemos diferenciar dous grupos de metodoloxías claramente diferentes.

O primeiro grupo son as metodoloxías baseadas no Nearest neighbor matching (veciño máis próximo) e o segundo os métodos de Subclassification, Full matching e Weighting.

I. Nearest neighbor matching.

O veciño máis próximo, na súa forma máis sinxela, 1:1 selecciona para cada individuo de tratamento i un individuo de control a unha menor distancia do individuo i. Para mellorar os resultados obtidos a partir desta metodoloxía base existen diferentes variacións que presentan diferentes alternativas de cara a obter un mellor resultado en termos de equilibrio. Unha das variacións do veciño máis próximo é o Optimal matching, que ten en conta o conxunto de emparellamentos cando se seleccionan os emparellamentos individuais, minimizando a distancia global. Desta forma, o Optimal matching mellora o veciño máis próximo básico á hora de seleccionar pares ben emparellados pero non á hora de buscar o equilibrio entre os grupos.Outra alternativa é o coñecido como Ratio matching que permite asignar a cada individuo de tratamento varias parellas k:1. Isto leva a uns sesgos maiores pero reducen a varianza. Para evitar emparellamentos de mala calidade é frecuente empregar tamén un calibrador (caliper) que seleccione so aqueles que se atopan no rango marcado. Unha última variación é a do uso ou non uso de reemprazo. O uso de reemprazo leva a que un individuo de control poida ser asignado como parella a varios individuos de tratamento. Isto leva a unha redución dos sesgos, pero xera problemas xa que no grupo de control os individuos non son independentes e o grupo pode chegar a ser moi reducido.

II. Subclassification, Full matching e Weighting.

O forte desta tipoloxía fronte á anterior é o feito de que nela empréganse todos os individuos de control dispoñibles, sen descartar aqueles que non son emparellados. Isto lévase a cabo empregando ponderadores, que toman un valor entre cero e un para os individuos de control. A metodoloxía de subclassification forma grupos de individuos similares tomando algún criterio formando un número determinado de subclases que debemos seleccionar previamente. O full matching é unha forma máis sofisticada de subclassification que selecciona de forma automática o número de subclases. Por

[1] Onde e_k es la propensity score do individuo k definida en detalle máis adíante.

último, o Weighting emprega a propensity score para ponderar os individuos de tratamento e control en ambos grupos.

2.2 Recursos para o seu uso en R.

Para empregar o matching existe un número considerable de librerías dispoñibles para o seu uso en R[2]. Desta forma, as librerías máis relevantes son MatchIt, Matching, twang, cem, optmatch, PSAgraphics, Synth, Cobalt, CBPS e ebal.

Neste caso centrámonos na librería MatchIt[2], que empregamos posteriormente para analizar o caso de CPI en Colombia. A librería MatchIt permite empregar diferentes metodoloxías e medicións da distancia con opcións adicionais, así como obter algunhas medidas e recursos gráficos para valorar o balance das covariables e obter o conxunto de datos emparellado (individuos de tratamento, control ou ambos).

No que respecta ás metodoloxías, a librería permite empregar Exact matching, Subclassification, Nearest neighbor matching, Optimal matching, Full matching e Genetic matching. Ademais, esta librería permite tamén empregar exact matching xunto ó Nearest neighbor matching, algo de utilidade se se emprega un número elevado de variables.

Adicionalmente, a librería recolle diferentes argumentos que permiten mellorar os resultados do matching. Concretamente, o argumento "discard" permite descartar individuos dun ou de ambos grupos, "reestimate" decide se reestimar o modelo para mellorar os resultados logo de descartar individuos. O argumento "m.order" que sinala a orde en que facer o emparellamento. O argumento "replace", que sinala se unha unidade de control pode ser asignada a máis dun individuo. O argumento "ratio" o número de individuos de control a asignar a cada individuo de tratamento. O argumento "caliper" o número de desviacións estándar que marca o rango no que un emparellamento é válido. Finalmente, o argumento "exact" permite introducir a lista de variables coa que empregar a distancia exacta.

II.3 O caso da CPI en Colombia.

Para exemplificar o uso desta metodoloxía e da librería en cuestión empregamos os datos de dúas enquisas, a "Encuesta de Desarrollo e Innovación Tecnológica" que ten dúas modalidades. Unha para a industria e outra para os servizos nos bienios 2017-18 e 2018-19. Desta forma, en ambos casos empregamos o primeiro ano como covariables previas á pandemia e o segundo como variables de resultado. Neste apartado non incidiremos en exceso sobre o filtrado dos datos, so introducimos a especificación do matching, as medidas do balance e os resultados.

Comezando co matching, cabe sinalar que empregamos a seguinte especificación:

```
> equation <- CPI ~ micro +peque +mediana +grande + GASTOID +SAT + SAMT + SBMT +SBT +SIC+ SNIC +SUBVENCIONID + IDTOTAL1 + PACTI +TRPI + IDINTERNO1 + PFOR1 + EXP + c_prov + c_gobierno + c_clientes
> m.out <- matchit(formula = equation, data, method = "nearest", ratio = 50,  distance = "probit", reestimate = TRUE, verbose = TRUE, replace = TRUE, discard = "both")
```

En canto ás medidas de equilibrio, esta especificación do matching amosa un bo balance nos principais indicadores empregados para medilo e na análise gráfica[3].

	distan-cia	micro	peque	mediana	grande	GASTOID	SAT	SAMT	SBMT
Antes	102,57%	-71,85%	-65,90%	-4,05%	66,14%	184,12%	0,79%	1,36%	-36,81%
Despois	2,6%	-8,5%	3,6%	2,7%	-3,6%	-6,2%	-2,5%	-6,1%	-2,9%
Antes	SBT	SIC	SNIC	SID	IDTOT	PACTI	TRPI	IDINTER	PFOR
Despois	-55,36%	94,32%	-63,52%	87,34%	40,33%	57,48%	13,27%	27,82%	36,81%
Antes	-4,0%	7,8%	-0,3%	-4,7%	3,0%	0,7%	1,4%	-2,7%	-0,2%
Despois	EXP	c_prov	c_gobierno	c_clientes	PERS*	VENT*	Sesgos modelo	Sesgos	
Antes	6,23%	55,81%	52,01%	48,42%	42,84%	15,61%	47,79%	45,32%	
Despois	-4,5%	-2,9%	4,1%	-0,2%	-1,8%	0,6%	3,68%	3,35%	
*indica que a variable non foi introducida no matching.									

Táboa 1: Medidas do balance, sesgos estandarizados por variable e total.

	Tratados	Control	Pseudo-R^2	Test de verosimilitude	Prob. Test verosimilitude
Antes	450	16089	0,3275	1.352,85	0,0000
Despois	450	4382	0,0035	19,43	0,8296

Táboa 2: Medidas do balance, individuos, pseudo-R^2 e test de verosimilitude.

En canto á análise gráfica, obtemos os seguintes resultados.



Figura 1: Análise gráfica do balance.

En canto ós resultados, a seguinte táboa recolle o impacto porcentual da CPI.

	Medias ponderadas		Impacto (diferencia %)	Desviación estándar		Test-t/Test-u
Variable	Tratados	Control		Tratados	Control	
Nuevos bienes y servicios	3,8533	1,5596	147,1%	24,41	5,03	23,3732***
Bienes y servicios mejorados	1,7422	0,7523	131,6%	3,37	2,50	1,8063***
Nuevos métodos de prestación	0,8400	0,6919	21,4%	2,01	1,42	1,9841***
Nuevos métodos organizativos	0,7556	0,5749	31,4%	1,94	1,18	2,6797***
Nuevas técnicas de comercialización	0,3978	0,3463	14,9%	0,96	0,81	1,4100***
Personal	621,28	638,93	-2,8%	1080,39	1163,37	0,8579***
Ventas (millones pesos colombianos)	229106,224	229244,563	-0,1%	1129827,36	975676,90	1,3330***
Peso exportaciones	0,0361	0,0428	-15,5%	0,11	0,12	0,7420***
Peso gasto I+D total sobre ventas	0,0105	0,0134	-21,8%	0,04	0,08	0,2632***
Peso gasto I+D interno sobre ventas	0,0360	0,0302	19,3%	0,08	0,10	0,6388***
Peso personal formado sobre personal (1)	0,0602	0,0618	-2,6%	0,13	0,13	1,1294***
Peso personal I+D sobre total	0,0919	0,0804	14,3%	0,12	0,12	0,9694***
Patentes obtenidas	2,7578	3,6629	-24,7%	12,08	16,72	0,5188***
(1) Significa a dicha variable se le aplica el test-u						
* p<0,1, **p<0,05,*** p<0,01						

Táboa 2: Medidas do balance, individuos*, pseudo-R^2 e test de verosimilitude*.

3. CONCLUSIÓNS

A CPI parece ter efectos significativos nas variables de resultados analizadas. O matching amósase como unha boa metodoloxía para estudar estes aspectos. Ademais R, e máis concretamente a librería MatchIt, amósanse como ferramentas útiles para aplicar a metodoloxía en cuestión múltiples como as políticas públicas e outros aspectos nos que os estudos experimentais non se poden levar a cabo.

Referencias

[1] Stuart, E. A. (2010). Matching methods for casual inference: A review and a look forward. *Statistical Science,* 25(1), 1-21. https://doi:10.2307/41058994

[2] Ho, D. E., Imai, K., King, G. e Stuart, E. A. (2011). MatchIt: Nonparametric Preprocessing for Parametric Causal Inference. Journal of Statistical Software, 42(8) 1-28, https://doi.org/10.18637/jss.v042.i08

[3] Guerzoni, M. e Raiteri, E. (2015). Demand-side vs. supply-side technology policies: Hidden treatment and new empirical evidence on the policy mix. Research Policy 44, 726-747. https://doi.org/10.1016/j.respol.2014.10.009

IX Xornada de Usuarios de R en Galicia

Santiago de Compostela, 20 de outubro do 2022

Comparativa entre medidas culturales en el contexto de la toma de decisiones turísticas

Yago Atrio Lema[1], Isabel Neira Gómez[2], Eduardo Sánchez Vila[3] y Paula Saavedra Nieves[4]

[1] Universidad de Santiago de Compostela, VALFINAP, ECOBAS
[2] Universidad de Santiago de Compostela, VALFINAP, ECOBAS
[3] Universidad de Santiago de Compostela, GSI
[4] Universidad de Santiago de Compostela, CITMAGA

RESUMO

La importancia de la cultura como elemento clave en la toma de decisiones turísticas ha sido objeto de numerosos trabajos en la literatura empírica. Nuestra hipótesis central de trabajo parte de la idea de que la cultura del país de origen del turista afecta a su proceso de toma de decisiones. Para probar nuestra propuesta, analizamos la elección de los peregrinos sobre la ruta para realizar el Camino de Santiago, comparando el poder explicativo de dos posibles variables: la distancia cultural (distancia entre valores individuales, distancia de Kogut y Singh, distancia de Jackson y la distancia de Kandogan), y el clúster cultural al que pertenece el país de origen del peregrino utilizando el modelo (Inglehart & Baker, 2000). Se ha empleado una metodología basada en modelos de elección discreta utilizando la formalización logística multinomial. Los resultados obtenidos validan la hipótesis principal analizada y abren un nuevo campo de estudio del impacto de la cultura de origen del viajero en su proceso de toma de decisiones turísticas.

Palabras e frases chave: Camino de Santiago, toma de decisiones, cultura, distancia cultural, clúster cultural.

1. INTRODUCIÓN

La cultura es un fenómeno complejo que se caracteriza como el conjunto de creencias, valores, conocimientos o normas aceptadas por un grupo social. Estas características pueden explicarse debido a factores geográficos, climáticos y socioeconómicos (Minkov & Hofstede, 2013; Van der Westhuizen et al., 2012).

El impacto de la cultura sobre el comportamiento de los turistas se ha analizado a fondo por medio de los métodos cuantitativos, a través de cuatro variables explicativas: la cultura interiorizada del turista, la cultura de la región de origen, la cultura de la región de destino, y la distancia entre la cultura de la región de destino y la cultura de la región de origen. Sin embargo, en la literatura de turismo relativa al proceso de toma de decisiones en la elección de alternativas,

como por ejemplo el destino, paquetes turísticos, etc…, sólo se ha estudiado en detalle el impacto de la distancia cultural, no prestando atención a otras alternativas de medición (Liu et al., 2018; Ng et al., 2007).

Para contrastar nuestras hipótesis utilizamos modelos logit multinomiales, en tres especificaciones (distancia cultural de Kogut y Singh, distancia cultural euclidiana y clúster cultural), siendo la variable a explicar el camino de Santiago elegido por los peregrinos. La computación de los modelos se efectuó a través del software R en su versión 4.2.1., utilizando el paquete mlogit en su versión 1.1.1. para el calculo de los modelos y la colección de paquetes de tidyverse para facilitar la tarea de la gestión de los datos con dplyr.

2. RESULTADOS RESUMIDOS

		Francés	Portugués	Inglés	Norte	Vía de la Plata	Portugués	Primitivo
Distancias	Kogut y Singh (Modelo 1)	-0.125 (0.002) ***	0.362 (0.006) ***	-0.413 (0.008) ***	-0.242 (0.006) ***	-0.390 (0.007) ***	0.348 (0.002) ***	-0.184 (0.006) ***
	Euclidiana (Modelo 2)	-0.197 (0.002) ***	0.545 (0.006) ***	-0.371 (0.006) ***	-0.150 (0.004) ***	-0.359 (0.006) ***	0.497 (0.002) ***	-0.277 (0.005) ***
Clúster (Modelo 3)	Sudeste asiático	0.121 (0.016) ***	1.151 (0.040) ***	-0.684 (0.051) ***	-0.488 (0.041) ***	-0.842 (0.055) ***	0.266 (0.020) ***	-0.517 (0.043) ***
	Europa católica	-0.468 (0.003) ***	0.906 (0.012) ***	-0.122 (0.009) ***	-0.139 (0.007) ***	-0.294 (0.008) ***	0.894 (0.004) ***	-0.290 (0.008) ***
	América latina	0.200 (0.007) ***	0.393 (0.025) ***	-0.925 (0.024) ***	-0.533 (0.017) ***	-0.876 (0.022) ***	0.245 (0.009) ***	-0.148 (0.015) ***
	Europa ortodoxa	-0.865 (0.014) ***	1.882 (0.029) ***	-0.393 (0.044) ***	0.530 (0.026) ***	-0.863 (0.055) ***	0.923 (0.016) ***	0.425 (0.028) ***
	Europa protestante	-0.252 (0.004) ***	0.806 (0.014) ***	-0.898 (0.014) ***	0.363 (0.008) ***	-0.256 (0.011) ***	0.583 (0.005) ***	-0.593 (0.012) ***
	Confucionistas	1.060 (0.012) ***	0.058 (0.039) **	-1.880 (0.051) ***	-0.526 (0.023)	-1.479 (0.042) ***	-0.742 (0.017)	-1.225 (0.035) ***
	Angloparlantes	0.319 (0.004) ***	0.939 (0.014) ***	-0.467 (0.012) ***	-0.419 (0.010) ***	-0.865 (0.014) ***	-0.001 (0.006)	-0.848 (0.013) ***

Tabla 1. Coeficientes de los modelos de elección analizados: Modelo I, con la "distancia cultural de Kogut y Singh, Modelo II, con la "distancia euclidea", y Modelo III con el clúster cultural al que pertenece el turista

3. CONCLUSIÓNS

Los resultados apoyan la veracidad de la primera hipótesis de que la distancia cultural afecta sobre la toma de decisiones de los peregrinos, debido a que esta variable es significativa tanto en el modelo 1 como en el 2. Sin embargo, el signo del coeficiente es diferente al esperado, dado que numerosos autores (Kandogan, 2012; Manosuthi et al., 2020) apuntaban a que una mayor distancia cultural debería afectar de manera negativa sobre la llegada de turistas, así como debería provocar una disminución de la probabilidad de elección de una determinada alternativa turística. Esto no es así en nuestra modelización, donde existen alternativas (Caminos de Santiago) donde la distancia cultural afecta positivamente a la elección de los mismos. Esta es una relación que merecerá la pena estudiar en subsiguientes análisis.

Los análisis realizados también permiten confirmar la segunda hipótesis, es decir, que pertenecer a un determinado clúster cultural afecta a la toma de decisiones de los peregrinos en base a los resultados. Esto se puede ver con la significación de las variables de clúster en cada elección del camino. Consideramos que la aceptación de esta hipótesis está relacionada con diversos factores socioculturales de cada grupo, como la cultura del esfuerzo, la popularidad del turismo de ruta, la espiritualidad, el gusto por participar en actividades de grupo.

A pesar de que como hemos visto en el comentario de los resultados y la primera parte de la discusión, los modelos tienen una capacidad predictiva similar, la principal diferencia entre la medición de la influencia de la cultura en la toma de decisiones de los individuos con los clústeres culturales y con la distancia cultural es que esta última permite considerar idénticos a países con valores culturales muy diferentes, mientras que esto no puede ocurrir en la primera.

Los resultados son contundentes en cuanto a la necesidad de incluir variables que caractericen la cultura de los turistas en los análisis de toma de decisiones, dado que se pudo observar que tanto la distancia cultural como la cultura de origen del peregrino, tuvieron un efecto significativo sobre sus elecciones y mejoran de modo significativo las predicciones sobre las alternativas de decisión. Además de estos resultados constatamos la necesidad de utilización de diferentes aproximaciones a las variables distancia cultural en los modelos de impacto de la cultura en la toma de decisiones, y más concretamente la posibilidad de incluir variables relativas al entorno de la cultura de la que procede el viajero y no sólo a la distancia con respecto al país de destino, variable que constituye la principal aportación de este estudio, así como la metodología empleada que considera variables relativas no sólo a las características del individuo, sino a las de la alternativa elegida.

Referencias

Inglehart, R., & Baker, W. E. (2000). Modernization , Cultural Change , and the Persistence of Traditional Values. *American Sociological Review*, *65*(1), 19–51.

Kandogan, Y. (2012). An improvement to Kogut and Singh measure of cultural distance considering the relationship among different dimensions of culture. *Research in International Business and Finance*, *26*(2), 196–203. https://doi.org/10.1016/j.ribaf.2011.11.001

Liu, H., Robert, X., Cárdenas, D. A., & Yang, Y. (2018). Perceived cultural distance and international destination choice : The role of destination familiarity , geographic distance , and cultural motivation. *Journal of Destination Marketing & Management*, *9*, 300–309. https://doi.org/10.1016/j.jdmm.2018.03.002

Manosuthi, N., Lee, J., & Han, H. (2020). Impact of distance on the arrivals , behaviours and attitudes of international tourists in Hong Kong : A longitudinal approach. *Tourism Management*, *78*, 103963. https://doi.org/10.1016/j.tourman.2019.103963

Minkov, M., & Hofstede, G. (2013). *Cross-cultural analysis*. SAGE Publications Inc.

Ng, S. I., Lee, J. A., & Soutar, G. N. (2007). Tourists ' intention to visit a country : The impact of cultural distance. *Tourism Management*, *28*, 1497–1506. https://doi.org/10.1016/j.tourman.2006.11.005

Van der Westhuizen, D. W., Pacheco, G., & Webber, D. J. (2012). Culture, participative decision making and job satisfaction. *International Journal of Human Resource Management*, *23*(13), 2661–2679. https://doi.org/10.1080/09585192.2011.625967



IX Xornada de Usuarios de R en Galicia
Santiago de Compostela, 20 de outubro do 2022

APLICACIÓN DE CONSULTA DE DATOS DO MARCO INPUT-OUTPUT DE GALICIA EN R-SHINY

Calvo Ocampo, Esther[1]

[1] Instituto Galego de Estatística

RESUMO

A presentación dun modo claro e comprensible dos datos difundidos é un dos desafíos dos produtores de estatísticas oficiais e, ao mesmo tempo, unha das boas prácticas recollidas no Código de conduta das estatísticas europeas.
O Marco Input-Output de Galicia (MIOGAL) constitúe unha ferramenta complexa pero fundamental para describir os fluxos económicos da nosa rexión, aínda que habitualmente dominou a súa vertente analítica a través das múltiples aplicacións da análise input output.
Non obstante, a información dispoñible nesta publicación ten un gran poder descritivo que se quixo potenciar no Instituto Galego de Estatística (IGE) co desenvolvemento da aplicación de consulta deseñada en R-Shiny que presentamos nesta ponencia. O obxectivo é ofrecer ao usuario unha visión amigable da información contida nunhas matrices de datos que, polo seu tamaño e pola metodoloxía coa que se constrúen, requiren certa especialización e coñecementos previos para o seu uso e a súa interpretación.
Nesta aplicación preséntase a información coa dobre visión que achegan as táboas de orixe e destino contidas no MIOGAL: por un lado a visión da rama de actividade e polo outro a visión dos produtos. É unha aplicación dinámica, que combina información en táboas e gráficos cos que o usuario pode coñecer a información das 72 ramas de actividade e os 110 produtos contidos na publicación.

Palabras e frases chave: R-shiny, marco input-output

1. RESULTADOS

Co fin de sintetizar e organizar a cantidade de información que ofrece o Marco Input-Output, desenvolveuse en R-Shiny unha aplicación que permite consultar a información por dúas vías: por rama de actividade e por produto.

Información por produto

No caso dos produtos, tratouse de condensar a información en forma de táboas e gráficos de forma que se amose o equilibrio oferta-demanda. Con este fin, incorporáronse nesta parte un tipo de gráficos que permiten estudar fluxos e que permitiron representar os fluxos da oferta e demanda de cada produto, os diagramas de Sankey. Estes diagramas representan fluxos, é dicir, conexións ponderadas que van dun nodo a outro.
No contexto do Marco Input-Output, o diagrama de Sankey empregouse para visualizar os fluxos da oferta e a demanda do produto. Os nodos fonte son neste caso as ramas de actividade produtoras do ben ou servizo (produto) considerado, incluíndo tamén os nodos correspondentes ás importacións do resto de España, importacións do resto da Unión Europea e importacións do Resto do Mundo.
Á súa vez, toda esta oferta do produto considerado agrúpase en dous nodos centrais,

que diferencian a procedencia da oferta do produto (importación ou interior).
Por último, os nodos de destino están formados polas ramas de actividade como demandantes do produto seleccionado así como polas restantes compoñentes da demanda (gasto en consumo final, formación bruta de capital, exportacións con destino ao resto de España, exportacións con destino ao resto da Unión Europea, exportacións con destino ao Resto do Mundo).
A librería que se empregou para crear este tipo de gráficos foi networkD3, htmlwidget que crea automaticamente gráficos interactivos.
Os datos de entrada pódense almacenar en 2 formatos diferentes:

- data frame coas conexións (3 columnas)
- matriz de incidencia (matriz cadrada)

Neste caso empregouse como formato dos datos de entrada un data frame, que enumera unha por unha as conexións e está formado por 3 columnas:

- source: nodo de orixe
- target: nodo de destino
- valor do fluxo

Construíuse este data frame a partir da matriz de orixe, a matriz de destino da produción interior a prezos básicos e a matriz de destino das importacións a prezos básicos. A primeira facilitará a información relativa á oferta e as dous segundas a relativa á demanda.
O data frame que se construíu coas conexións (links), está formado por 3 columnas: source, target y value, que se corresponden co nodo fonte, o nodo destino e a intensidade de cada fluxo, que ven dada neste caso polo valor.
A partir deste data frame cómpre crear tamén outro data frame de nodos no que se listan todos os nodos do diagrama.
Outro aspecto importante a ter en conta ao empregar a librería networkD3 é que as conexións deben proporcionarse mediante id, non mediante o nome que aparece no data frame coas conexións, polo que previamente á realización do gráfico será necesario crear un campo id para source (IDsource) e outro id para target (IDtarget).
Engadiuse ademais unha columna group tanto ao data frame links como ao nodes que permite utilizar unha cor distinta para cada grupo de fluxos ou para cada grupo de nodos.
Neste caso optouse por empregar unha único cor para todos os nodos polo que consideramos un único grupo e dúas cores no caso dos fluxos para distinguir o fluxo con procedencia na produción interior do fluxo con procedencia na importación.
A sintaxe que se empregou para a a construción do diagrama de fluxos foi a seguinte:

```
sankeyNetwork (Links = links, Nodes = nodes,
              Source = "IDsource", Target = "IDtarget",
              Value = "value", NodeID = "name",
              colourScale=my_color, LinkGroup="group", NodeGroup="group",
              fontSize = 10,
              nodePadding = 10, sinksRight=TRUE,iteration=0)
```

O paquete networkD3 crea automaticamente gráficos interactivos, o que permite na visualización web arrastrar nodos e colocar o cursor sobre as ligazóns para obter máis información.



Figura 1: Diagrama de Sankey do produto 17A

Información por rama de actividade

Polo que respecta á información por rama de actividade, a novidade neste apartado é a utilización dos mapas de árbores xerárquicas ou treemaps.
Este tipo de gráficos permiten a comparación de cantidades e a visualización de patróns dalgunha estrutura xerárquica mediante un uso eficiente do espazo. Están compostos de rectángulos aniñados con áreas proporcionais aos rectángulos que representan e empréganse para analizar como se divide o todo e identificar rapidamente as compoñentes máis grandes e máis pequenas.
No contexto do Marco Input-Output, os gráficos treemap empregáronse para visualizar os consumos intermedios de cada rama de actividade. Neste caso, o tamaño dos rectángulos está asociado co peso do consumo intermedio de cada produto na rama de actividade e, por outra parte, a cor empregouse para diferenciar os produtos segundo a porcentaxe de consumo intermedio interior; é dicir, represéntanse para cada rama de actividade dúas variables: o peso do consumo intermedio por produto e a porcentaxe de consumo intermedio interior de cada produto.

Para implementar este tipo de gráficos empregouse o paquete treemapify, que permite crear treemaps en ggplot2. Cómpre utilizar geom_treemap () e especificar dentro de aes as variables. A sintaxe que se empregou foi a seguinte:

```
ggplot (df, aes (area = Peso, fill = `% CI Interior`,label = Codigo_completo)) +
  geom_treemap() +
  geom_treemap_text (colour = "white", place = "centre", grow = FALSE, reflow =TRUE,
min.size = 5) +
  scale_fill_gradient (low = '#99b9e3', high = '#0051ba')
```

onde df es un data frame formado por 3 columnas: produto, peso dese produto no consumo intermedio da rama e porcentaxe do consumo intermedio dese produto que é interior. A información contida no data frame é relativa neste caso a unha rama de actividade.
O algoritmo que geom_treemap () utiliza por defecto para colocar os rectángulos por defecto é o "squarified", que se basea nunha estratexia que busca que cada bloque sexa o máis cadrado posible para facilitar a comparación entre eles. Neste algoritmo, a colocación dos rectángulos procede dunha esquina, colocando os rectángulos en filas ou columnas ata que se colocan todos.

3. CONCLUSIÓNS

O Marco Input-Output de Galicia (MIOGAL) constitúe unha ferramenta complexa pero fundamental para describir os fluxos económicos da nosa rexión. Ten unha dobre vertente: descritiva e analítica. Sempre primou a analítica, como base da análise input-output, pero non é desprezable e debe promoverse a vertente descritiva.
Cada vez son máis frecuentes as situacións nas que nos atopamos con grandes cantidades de datos e cada vez faise tamén máis patente a necesidade de apoiarse en distintas ferramentas que permitan facilitar a comprensión da información. Cómpre favorecer a visualización de grandes cantidades de datos de xeito sinxelo e dunha sola ollada.
A incorporación na difusión do Marco Input-Output dos gráficos Sankey e dos treemap non deixa de ser un novo paso na procura de ferramentas que axuden a unha mellor comunicación e comprensión dos resultados estatísticos.
Non obstante, este tipo de visualizacións tampouco son sempre doadas de ler polo que a veces cómpre avaliar si un gráfico de barras ou un gráfico circular conta o mesmo aínda que visualmente sexa menos intenso.

Referencias

[1] Veiguela, N. (2016). R-Shiny: Una herramienta para mejorar la difusión de las operaciones del sistema de cuentas económicad de Galicia. XIX Jornadas de Estadística de las Comunidades Autónomas. Madrid

[2] R Core Team (2021). R: A language and environment for statistical computing. R Foundation for Statistical Computing, Vienna, Austria. URL https://www.R-project.org/
Winston Chang, Joe Cheng, JJ Allaire, Carson Sievert, Barret Schloerke, Yihui Xie, Jeff Allen, Jonathan McPherson, Alan Dipert and Barbara Borges (2021). shiny: Web Application Framework for R. R package version 1.6.0. https://CRAN.R-project.org/package=shiny
[3] David Wilkins (2021). treemapify: Draw Treemaps in 'ggplot2'. R package version 2.5.5. https://CRAN.R-project.org/package=treemapify
[4] J.J. Allaire, Christopher Gandrud, Kenton Russell and CJ Yetman (2017). networkD3: D3 JavaScript Network Graphs from R. R package version 0.4. https://CRAN.R-project.org/package=networkD3
[5] IGE : Marco input-output de Galicia.
https://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007003
[6] IGE: Aplicación gráfica de consulta do Marco Input-Output de Galicia 2016.
http://www.ige.eu/Shiny/MIOGAL/

IX Xornada de Usuarios de R en Galicia
Santiago de Compostela, 20 de outubro do 2022

R para o processamento de textos. Uma aplicação para a ordenação do texto em função da complexidade oracional

Afonso Xavier Canosa Rodrigues[1]

[1] IES Pedra da Auga, Ponteareas

RESUMO

Apresentamos um script em R que tokeniza um texto e extrai as orações para, de seguida, analisar o vocabulário e reorganizar as orações em função da sua complexidade medida no eixo sintático como longitude em número de tokens e no semântico conforme à ordenação do léxico segundo a primeira lei de Zipf

Palavras e frases chave: processamento de texto, sentence complexity, primeira lei de Zipf

1. INTRODUÇÃO

No trabalho com textos em que a língua apresenta dificuldades de compreensão, pode ser útil tentar reordenar o texto para ordenar as orações em função da sua complexidade. No exemplo usado para esta comunicação parto da própria experiência com o trabalho dum texto medieval em galês, língua céltica da Grã Bretanha. O corpus contém um número de termos de vocabulário desconhecidos, não só por possuirmos um vocabulário reduzido ao nível de aprendizagem, mas também por apresentarem variantes não facilmente recuperáveis num dicionário contemporâneo. A necessidade de organizar as orações em função da sua dificuldade propiciou uma série de experimentos para melhor afrontar a tradução do texto.

2. MATERIAIS

O procedimento descrito em baixo utiliza um script em R que permite replicar os experimentos e aplicá-los a qualquer outro documento com simplesmente modificar o nome do ficheiro no script[1]. Para as operações sobre o texto utilizaram-se os pacotes *stringr* [1] e t*okenizers* [2] de R. Como material complementário no repositório incluem-se os resultados da análise em formato csv, o texto utilizado como exemplo e um script adicional para a elaboração de gráficos e o estudo dalgumas propriedades do corpus.

3. PROCEDIMENTO

3.1. Vocabulário e frequências

